



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Deportes

Aprobación do Padrón relativo á taxa por utilización das instalacións deportivas municipais así como polas prestacións de servizos nelas (Ordenanza fiscal nº 26) correspondente ao mes de novembro de 2023

EDICTO

O día 22 de novembro de 2023 aprobouse por decreto da Concelleira delegada da Área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos, Estatística, Turismo, Patrimonio Histórico, Sanidade, Consumo, Benestar Animal e Mercados do Concello de Ferrol o Padrón relativo á taxa por utilización das instalacións deportivas municipais así como polas prestacións de servizos nelas (Ordenanza fiscal nº 26) correspondente ao mes de novembro de 2023.

Segundo o que establece o artigo 102.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria e a través deste edicto expónse ao público o citado padrón polo prazo de 15 días e se procede a notificar colectivamente aos contribuíntes.

Contra as liquidacións individuais que son obxecto desta notificación colectiva poderase interpoñer, ante a Alcaldía do Concello de Ferrol, o recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes a contar dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia segundo o que establece o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Ferrol, 27 de novembro de 2023.

A Concelleira delegada da Área de Facenda, Patrimonio,
Recursos Humanos, Estatística, Turismo, Patrimonio Histórico,
Sanidade, Consumo, Benestar Animal e Mercados.
Susana M^a Sanjurjo Fraga

2023/9418